

Reclamante: [REDACTED]

Expediente Nº DAIPCT 2/2017

[REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] en representación da entidade [REDACTED], mediante escrito do 11 de abril de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os Antecedentes e Fundamentos Xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. A entidade [REDACTED], por medio do seu representante [REDACTED], mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 11 de abril de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte da Comisión da Transparencia.

O solicitante indicaba que as resolucións RSCTG 022/2016; RSCTG 023/2016; RSCTG 024/2016; RSCTG 046/2016; RSCTG 048/2016 e RSCTG 51/2016 da Comisión da Transparencia adolecen dunha serie de erros o que lle leva a formular unha serie de preguntas á propia Comisión, que serán recollidas seguidamente.

As cuestións que dan lugar ás dúbidas da plataforma son:

Que se carece da documentación pública solicitada.

Que todas as resolucións foron arquivadas amparándose en “recovecos administrativos y ardenes del “le mando, pero no le doy””

Que son más de 10 procedementos.

Que os asuntos levan pendentes desde fai mais de 30 meses.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo á que se remiten as anteriores.

Primeiro.- Competencia

O artigo 17 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, establece que, o procedemento para o exercicio do dereito de acceso se iniciará coa presentación da correspondente solicitude, que deberá dirixirse ao titular do órgano que posúa a información.

O artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, crea a Comisión da Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo, e por tanto, suxeito a obriga de facilitar a información pública entendida esta como recolle a definición do artigo 24 da norma xa citada.

Segundo.- Procedemento aplicable

O artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno preceptúa que o seu procedemento se axustará ao previsto na normativa básica de transparencia.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, pola súa parte, recolle nos artigos 17 e seguintes o procedemento de acceso á información pública.

Terceiro.- Dereito de acceso á información pública

- Ámbito material

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

- Lexitimación

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que a persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información, no seu artigo 26.4.

- Limitacións que poden afectar ao seu exercicio:

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé nos artigos 14 e 15 uns límites ao dereito ao acceso, por razón da materia e por mor da protección dos datos de carácter persoal. Todas as solicitudes, que non entren dentro destes límites deberán ser atendidas, agás que existan limitacións e así se xustifiquen debidamente co chamado test de danos, ou algunha das causas de inadmisión do artigo 18 desta lei.

- Causa de inadmisión por tratarse dun interesado:

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé na súa disposición adicional primeira que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte dos que teñan a condición de interesados nun mesmo procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo.

Cuarto.- análise do expediente

Á vida do contido da solicitude, despréndese que o solicitante pretende unha revisión das resolucións ditadas pola Comisión da Transparencia nos expedientes de referencia, por estar en desacordo co contido das mesmas ao entender que non valoran determinados feitos ou non dar resposta a todas as cuestións suscitadas nos escritos presentados.

Neste eido, hai que recordar que a Comisión da Transparencia é un órgano ao que lle corresponde resolver as reclamacións fronte as resolucións de acceso á información pública de conformidade co artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e contra as súas resolucións cabe recurso contencioso-administrativo, sen que proceda a presentación dun novo recurso potestativo de reposición segundo o disposto no arttigo 124.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non obstante o anterior e entrando nos expedientes aos que se refire o solicitante, compre por de manifesto o seguinte:

Durante o ano 2016, constan 6 reclamacións presentadas por [REDACTED] ante esta comisión, as cales xa están debidamente resoltas . En concreto, o sentido de ditas resolucións foi o seguinte:

- Nos expedientes RSCTG 23, 24, 46 e 48, do ano 2016, se recolle expresamente que a administración xa achegou a información solicitada antes de que a comisión emitise a súa resolución, polo que foron desestimadas por entender xa satisfeita a pretensión obxecto da reclamación.
- No expediente RSCTG 51/2016 a reclamación foi desestimada por extemporánea.
- No expediente RSCTG 22/2016 a resolución estima a solicitude establecendo o dereito a recibir o convenio asinado entre a Consellería do Mar e o Colegio Oficial de Ingenieros Navales Oceánicos Do seguimento realizado por esta comisión consta que con data 11 de xaneiro de 2017 a Consellería do Mar achegou ao interesado un convenio, sen que fose posible determinar cal dos convenios asinados entre a consellería e o colexio foi achegado, polo que, con data 11 de xuño de 2017 se solicita aclaración a dita consellería aos efectos de levar a cabo o correcto seguimento do cumprimento das resolucións desta Comisión da Transparencia, constando a día de hoxe a confirmación da recepción do convenio asinado por parte da plataforma.

ACORDO

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

INADMITIR a solicitude presentada por ██████████ ██████████ ██████████ en nome e representación da entidade ██████████ contra 6 resolucións ditadas pola Comisión da Transparencia ante as que só cabe interpor o recurso contencioso-administrativo de conformidade co artigo 20.5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.2 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga